

NORMATIVA SOBRE ALUMNOS VISITANTES

(Consello de Goberno do 13-novembro-2003)

A difusión da cultura galega, o impulso da mobilidade interuniversitaria e o establecemento de relacións con outras Universidades son compromisos universitarios irrenunciáveis, non só polo indiscutible valor que engaden á formación dos alumnos, sino tamén como vía para introduci-los elementos de competencia con positivos efectos na mellora da calidade global do sistema universitario.

Estes obxectivos, recollidos no marco legal e estatutario no que se desenvolve a actividade da Universidade, requiren accións concretas que eviten reducilos a meras declaracións retóricas.

Seguindo o camiño iniciado por outras institucións e no marco das súas competencias, a Universidade de Santiago de Compostela pretende aumenta-las posibilidades de mobilidade estudiantil salvando as limitacións dos programas institucionais de intercambio en canto ó número de alumnos admitidos, e respectando, en todo caso, a necesidade dun control académico rigoroso. Con este fin establécese a posibilidade de que os alumnos procedentes doutras universidades poidan cursar estudos na Universidade de Santiago de Compostela, que poderán chegar a ter eficacia académica nela.

E por todo isto que o Consello de Goberno, na súa sesión do 13 de novembro de 2003

ACORDA

PRIMEIRO.- ALUMNOS VISITANTES

1. Os alumnos que cursen estudos en calquera universidade ou institución de ensinanza superior universitaria oficialmente recoñecida, nacional ou estranxeira, poderán matricularse como alumnos visitantes (*free mover*) en materias impartidas na Universidade de Santiago de Compostela (USC) segundo o disposto neste acordo.

2. Dos estudos realizados como alumno visitante non derivará ningún dereito respecto da obtención de títulos expedidos pola USC, ni respecto ó ingreso nunha titulación, e só terán os efectos na Universidade de orixe que esta dispoña de conformidade coa normativa aplicable na respectiva institución de ensinanza superior.

3. No caso de que o alumno visitante desexe obter unha titulación na USC e o recoñecemento dos estudos cursados nela a través do disposto neste acordo, deberá someterse á lexislación universitaria aplicable para o acceso mediante a acreditación dos títulos ou probas pertinentes, e someterse ós procedementos de ingreso establecidos con carácter xeral.

SEGUNDO.- DA MATRÍCULA

1. Os alumnos visitantes poderán matricularse nesta modalidade durante un máximo dun curso académico, unha vez acreditados suficientemente os estudos que realiza noutra universidade.
2. Con carácter xeral, os alumnos deberán matricularse dun mínimo de 10 e un máximo de 60 créditos europeos (ECTS). Nos estudos nos que non se estableceu a unidade de medida europea estes límites serán de 20 e 60 créditos respectivamente ¹.
3. Por resolución rectoral poderá autorizarse a matrícula en calquera materia independentemente da titulación que curse o alumno. Poderá limitarse ou excluírse o acceso a determinadas materias polas súas especiais características ou por necesidade de imparti-las en grupos reducidos.
4. A autorización de matrícula poderá dictarse en calquera momento do curso, sen que isto supoña ningún dereito especial para o alumno respecto ó réxime ordinario de docencia, nin tampouco implicará modificación de horarios ou calendario de exames.

TERCEIRO.- RÉXIME ACADÉMICO E EFECTOS

1. Os alumnos visitantes someteranse, con carácter xeral, ó réxime de docencia e de xestión académica das materias nas que se matriculen, sen mais particularidades que as recollidas neste acordo, e figurarán nas actas ordinarias das materias como o resto dos alumnos.
- 2.- Cumprimentadas as actas oficiais segundo o calendario académico, expedirase unha certificación (*transcriptor of records*) de acordo co modelo que aprobe a

1

O Consello de Goberno aprobou o 13 de novembro de 2003 unha *Normativa sobre alumnos visitantes* para permitir e regular a matrícula na Universidade de Santiago de Compostela (USC) de alumnos que cursen estudos en calquera universidade ou institución de ensinanza superior universitaria oficialmente recoñecida, e desexen cursar materias impartidas na USC sen pretender a obtención dun título, e sen someterse aos requisitos ordinarios para o acceso aos estudos que dan dereito á obtención de títulos universitarios oficiais ou propios.

Na devandita Normativa non se fixaron prezos específicos do crédito para este tipo de matrícula, polo que veñen aplicándose os mesmos que á matrícula ordinaria. A Normativa unicamente dispón un número mínimo e máximo de créditos nos que o estudante pode matricularse (respectivamente 20 e 60 no crédito actual, e 10 e 60 no crédito ECTS).

O análise da demanda, as consideracións económicas e sociais, e a experiencia doutras Universidades aconsellan unha revisión do prezo desta matrícula de alumnos visitantes, para aproximala ao custe efectivo da docencia.

Vista a proposta, o Consello de Goberno, acordou por asentimento que os estudantes visitantes que se matriculen de conformidade coa *Normativa sobre alumnos visitantes* aprobada polo Consello de Goberno o 13 de novembro de 2003 deberán aboar os seguintes prezos e contías:

- o Prezo por crédito: 45 euros. Se non se dispón outra cousa, este prezo actualizarase anualmente segundo a variación que experimenten os prezos dos créditos das titulacións oficiais.
- o Serán igualmente de aplicación as tarifas por apertura de expediente, expedición de tarxeta de identidade e sobre de matrícula que correspondan.

Este acordo debe ser sometido á supervisión do seu contido económico polo Consello Social.

Secretaría Xeral onde constarán as cualificacións obtidas. Ditas certificacións poderán enviarse directamente á Universidade de orixe.

3. Os alumnos visitantes poderán acceder ós servizos ofertados ó estudiantado nas condicións que establezan as respectivas convocatorias, e participarán na vida universitaria cos mesmos dereitos que os estudantes de programas oficiais de mobilidade.

CUARTO.- DESENVOLVEMENTO NORMATIVO

Facúltase ó rector para o desenvolvemento regulamentario do presente acordo, co establecemento do procedemento de admisión, o nivel de vinculación do alumnado e cantas cuestións sexan necesarias para posibilitar o seu cumprimento.